



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Literatura Inglesa 1	Código	613G01010	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Fuentes del Río, María Victoria	Correo electrónico	victoria.fuentes@udc.es	
Profesorado	Fuentes del Río, María Victoria	Correo electrónico	victoria.fuentes@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha visión panorámica e contextualizada da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII. Estúdanse obras literarias de diversos xéneros e estilos en lingua inglesa e analízanse diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Elaborar, individualmente ou en grupo, traballos escritos de diversa índole en lingua inglesa.	A1 A6 A9 A10 A11 A15	B2 B4 B5 B6 B7 B10	C2 C4
Adquirir unha visión diacrónica da literatura inglesa dende as súas orixes ata finais do século XVII.	A7	B3 B7 B8	C2
Manexar a lingua inglesa con corrección tanto de forma oral como escrita nas actividades do curso.	A6	B4	C2 C7
Expoñer, oralmente e / ou por escrito, ideas, opinións e interpretacións críticas razoadas.	A2 A6	B4 B6 B7 B8 B10	C2
Analizar diferentes aspectos das obras estudadas aplicando fundamentos básicos da crítica literaria.	A1 A2 A3 A6 A7 A15	B1 B7	C2 C4
Ler na versión orixinal inglesa obras literarias de diversos xéneros e estilos.	A6 A7	B6	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Que é a literatura? Que é a literatura inglesa? 1.2. O "canon" da literatura inglesa 1.3. Periodización
2. O período anglosaxón ou de inglés antigo na literatura inglesa (450-1066)	2.1. Introducción á historia da literatura inglesa anterior ao século XI 2.2. Poesía épica e elexíaca Lecturas: Fragmentos de "The Battle of Maldon," "The Wife's Lament," "Beowulf" e "The Dream of the Rood"



<p>3. Literatura inglesa medieval ou período do inglés medio (1066-1500)</p>	<p>3.1. Introducción: contexto histórico, social e cultural</p> <p>3.2. Teatro relixioso inglés a) Orixes do teatro inglés b) Misterios, milagres e moralidades medievais Lectura: Fragmentos de _Everyman_</p> <p>3.3. Lírica inglesa dos séculos XIV e XV a) Poesía lírica medieval b) O poeta de Pearl c) Amor cortés e romances medievais: os ciclos artúricos e o poeta Gawain</p> <p>Lecturas: ?In praise of women,? ?Syng We, Syng We,? ?Gentillesse,? fragmentos de ?Merciless Beauty?</p> <p>3.4. Geoffrey Chaucer e a súa obra Lectura: Fragmentos do ?Prólogo Xeral&quot; de _The Canterbury Tales_</p>
<p>4. A literatura inglesa renacentista (1500-1660)</p>	<p>4.1. Introducción: contexto histórico, social e cultural</p> <p>4.2. Poesía do século XVI: o soneto inglés a) Wyatt e Surrey b) Sidney, Spenser e Shakespeare Lecturas: selección de sonetos</p> <p>4.3. Teatro renacentista inglés a) Edificacións, convencións e tipo de obras b) Teatro isabelino e xacobeo: Marlowe e Shakespeare Lectura: _Hamlet_</p> <p>4.4. Poesía de principios do XVII a) Poetas metafísicos e &quot;cavalier&quot;; John Donne e Andrew Marvell Lecturas: selección de poemas</p>
<p>5. Do Renacemento á Restauración (1660-1700)</p>	<p>5.1. Prosa relixiosa 5.2. Autobiografía e diarios 5.3. Libros de viaxe Lecturas: Fragmentos do _Diary_ de Samuel Pepys</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A2 A6 A7 A9 A11 A15 B4 B5 B7 B8 B10 C2 C4 C7	14	0	14
Lecturas	B3	0	45	45
Sesión maxistral	A1 A11 B1	21	10	31
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4 C7	0	30	30



Proba mixta	A1 A2 A3 A6 A7 A9 A11 A15 B3 B4 B7 B10	2	10	12
Seminario	A7 A9 A10 A11 A15 B2 B4 B5 B7 B8 B10 C2	7	7	14
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Nunha materia de literatura, o debate é unha ferramenta indispensable para a profundización e a asimilación dos contidos, para o contraste de ideas e interpretacións. Pode ter lugar na clase en grupo grande nas horas de D.E. (docencia expositiva) ou en grupos pequenos nas de T.G.R. (titoría en grupos reducidos) pero principalmente será a metodoloxía arredor da que se estruturen as horas asignadas a D.I. (docencia interactiva).
Lecturas	Para unha materia de literatura é esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. En Literatura Inglesa I, o calendario de lecturas darase a coñecer tanto na clase como na plataforma moodle. É igualmente responsabilidade de cada estudante estar ao tanto das posibles modificacións relativas tanto ao temario como ao desenvolvemento da materia.
Sesión maxistral	Nas horas asignadas a docencia expositiva (grupo grande), a profesora exporá os contidos teóricos relativos á literatura inglesa e o seu contexto dende as súas orixes ata finais do século XVII, así como os conceptos básicos cos que se van analizar. Todos estes contidos enmarcan e entroncan co traballo desenvolvido despois nas clases de docencia interactiva (grupo mediano) e titoría en grupo reducido (grupo pequeno).
Traballos tutelados	O alumnado realizará traballos escritos (ex., análises de texto) que se farán, maioritariamente, en horario lectivo. Fóra da aula, cada estudante deberá realizar tarefas previas, como por exemplo, as lecturas, pero poderá tamén levar a cabo procesos de redacción, revisión e edición, etc.
Proba mixta	No exame final o alumnado deberá demostrar que domina os contidos teóricos presentados e as destrezas prácticas traballadas nas aulas. O exame consistirá en preguntas breves (definicións de termos críticos, de períodos, identificación de fragmentos dos textos estudados, análise, etc).
Seminario	Nas sesións de T.G.R. traballarase principalmente a redacción ben estruturada das interpretacións das lecturas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Seminario	Nos seminarios desenvolveranse actividades en grupos reducidos ou individuais. O profesorado supervisará o traballo de cada estudante durante estas actividades especialmente. Recoméndase que cada estudante utilice as horas de titoría para profundizar en calquera cuestión relacionada coa materia e que alomenos acuda a unha titoría individual durante o curso para discutir o seu progreso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A6 A7 A9 A11 A15 B3 B4 B7 B10	No exame final o alumnado deberá demostrar o seu dominio dos contidos teóricos e das destrezas practicadas nas aulas. Este exame consistirá en preguntas breves (ex., definicións de termos críticos e períodos, identificación de fragmentos dos textos estudados, análises, etc.).	40



Discusión dirixida	A2 A6 A7 A9 A11 A15 B4 B5 B7 B8 B10 C2 C4 C7	É obrigatorio facer as lecturas asignadas para cada día e resolver as posibles dúbidas de vocabulario antes de ir a clase. O/A estudante que non teña feitas as lecturas antes das clases deberá facelo na aula, perdendo a oportunidade de participar nas actividades da clase e de obter a puntuación que estas outorguen. As actividades de clase poden consistir en exercicios orais e escritos, individuais ou en grupo, tales como facer resumos, análises, debatir, interpretar, identificar, etc.	20
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A7 A9 A10 A11 A15 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C2 C4 C7	Consistirán en dúas breves redaccións argumentativas escritas na clase nas que cada estudante demostrará a súa habilidade para interpretar textos de xeito independente e para escribir análises ben organizadas, coherentes e cohesionadas, así como a súa capacidade no uso da lingua inglesa.	40

Observacións avaliación

? A segunda oportunidade de avaliación en xullo consistirá nas seguintes seccións, que se realizarán na data oficial do exame final: 1) un exame escrito con un deseño idéntico ao do exame final na primeira oportunidade, e que computará o 40% da nota;

2) un ensaio argumentativo sobre varias lecturas feitas durante o cuadrimestre, que substituirá ás seccións "Traballos tutelados" e "Discusión dirixida" da primeira oportunidade e que computará o 60% da nota. ? Un aprobado obtense a partir dunha nota de 5 sobre 10. Sen embargo, na primeira oportunidade de avaliación, deberase obter unha nota mínima de 4 sobre 10 na ?Proba mixta? para poder superar a materia. Na segunda oportunidade, deberase obter esta mesma nota mínima na sección 1 da avaliación.

? O alumnado terá a posibilidade de obter ata un punto extra para sumarllo á súa nota final de curso. Darase máis información na aula e a través de Moodle ao principio do cuadrimestre.

? Obterase unha calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%.? O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase do mesmo xeito que o especificado para a oportunidade de xullo.? O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.? O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do alumnado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade.? Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

Fontes de información

Bibliografía básica	Lecturas obrigatorias: Ao comezo de curso porase ao dispor do alumnado (en Reprografía, en Moodle, ou na clase) unha copia das lecturas obrigatorias anteriormente referidas na sección de "Contidos", coa excepción da obra Hamlet de Shakespeare, a única obra completa nesta lista. En Moodle haberá un enlace a unha versión online de Hamlet, pero animase ao alumnado a conseguir unha edición impresa ou electrónica para o seu uso individual. Deberá ser unha versión orixinal e completa de calquera editorial académica (ex., Oxford University Press, Penguin, Longman, Cambridge UP, entre outras).Pode usarse unha edición bilingüe para favorecer a comprensión das lecturas, mais as referencias ás obras en discusións orais ou escritas deberán ser á versión inglesa.
----------------------------	--



<p>Bibliografía complementaria</p>	<p>Recursos impresos: Abrams, M. H., et. al., gen. ed., <i>The Norton Anthology of English Literature.</i> 2 vols. 7th ed. New York: Norton, 2000. Alexander, Michael. <i>A History of English Literature.</i> London: Macmillan, 2000. Blamires, Harry. <i>A Short History of English Literature.</i> London: Routledge, 1984. Beadle, Richard, ed. <i>The Cambridge Companion to Medieval English Theatre.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 1994. Burrow, J. A. <i>Middle English Literature.</i> Oxford: Blackwell, 2004. Carter, Ronald and John McRae, <i>The Routledge History of Literature in English. Britain and Ireland.</i> London & New York: Routledge, 1998. Clanchy, M. T. <i>From Memory to Written Record: England 1066-1307.</i> Oxford: Blackwell, 1992. Ford, Boris, ed. <i>The Pelican Guide to English Literature.</i> 8 vols. Harmondsworth: Penguin, 1988. Godden, Malcolm, and Michael Lapidge, eds. <i>The Cambridge Companion to Old English Literature.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 1991. MacLean, Gerald, ed. <i>Culture and Society in the Stuart Restoration: Literature, Drama, History.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 2008. Ousby, Ian. <i>The Cambridge Guide to Literature in English.</i> Cambridge: Cambridge University Press, 1983. Rogers, Pat, ed., <i>The Oxford Illustrated History of English Literature.</i> Oxford: Oxford University Press, 1994. Sanders, Andrew. <i>The Short Oxford History of English Literature.</i> Oxford: Oxford University Press, 1994.</p> <p>Recursos na rede: English Literature: http://www.lang.nagoya-u.ac.jp/~matsuoka/EngLit.html#Medieval - Luminarium. Anthology of English Literature: http://www.luminarium.org/lumina.htm - Medieval England: http://www8.georgetown.edu/departments/medieval/labyrinth/subjects/british_isles/england/england.html - The Cambridge History of English and American Literature: http://www.bartleby.com/cambridge/ - The Norton Anthology of English Literature: www.wwnorton.com/nael/</p>
---	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Inglesa 1/613G01003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua Inglesa 2/613G01008

Materias que continúan o temario

Literatura Inglesa 2/613G01017

Observacións



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías